

**PREGO DE PRESCRIPCIÓN ADMINISTRATIVAS E TÉCNICAS PARA  
ADXUDICACIÓN MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABERTO DUN CONTRATO DE  
SERVIZOS DE TAREFAS DO PROXECTO**

**Axudas ás agrupacións empresariais innovadoras emerxentes (clústeres emerxentes) na  
Comunidade Autónoma de Galicia (IG410A) Do Instituto Galego de Promoción Económica  
(IGAPE)**

## Índice

1.	INTRODUCCIÓN AO PROXECTO .....	2
2.	NECESIDADE DE EXTERNALIZACIÓN E TAREFAS ESPECÍFICAS .....	3
	a. CONDICIÓNS TÉCNICAS MÍNIMAS INEXCUSABLES .....	3
	b. ESPECIFICACIÓNS DE OBRIGADO CUMPRIMENTO.- .....	3
3.	EQUIPO REQUIRIDO .....	6
4.	DURACIÓN DO CONTRATO .....	6
5.	ORZAMENTO DA LICITACIÓN .....	7
6.	DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR.....	7
	a. Documentación Administrativa.....	7
	b. Documentación Técnica .....	7
	c. Documentación Económica.....	7
7.	PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN.....	8
	a. Capacidade para contratar .....	8
	b. Solvencia Económica e técnica .....	8
	c. Mesa de Contratación .....	8
	d. Criterios de valoración .....	8
	e. Documentación Xustificativa.....	9
	f. Publicidade .....	9
8.	ANEXO 1. MODELO DE OFERTA ECONÓMICA.....	10

## 1. INTRODUCCIÓN AO PROXECTO

No ano 2022, o Instituto de Promoción Económica de Galicia (IGAPE) aprobou o proxecto presentado polo Clúster da Biomasa ao abeiro das "Axudas ás agrupacións empresariais innovadoras emerxentes (clústeres emerxentes) na Comunidade Autónoma de Galicia (código de procedemento IG410A), o cal incluía unha serie de accións e iniciativas prioritarias e estratéxicas co obxectivo de cubrir todas as necesidades e demandas de toda a cadea de valor da biomasa en Galicia e todos os axentes relacionados co sector, de forma que se puxese en valor os vantaxes e aportacións do mesmo e se consolidase tanto dentro como fóra das nosas fronteiras.

Así, o Clúster deseñou un Plan de acción a través do cal se puxesen en marcha diferentes iniciativas e proxectos prioritarios recollidos no seu Plan Estratéxico 2022-2025 para conseguir un dos principais obxectivos do sector: poñer en marcha proxectos colaborativos con distintos axentes relevantes no sector, tanto públicos como privados, coa fin de difundir o uso de biocombustibles e dar valor aos recursos forestais galegos e conseguir que a biomasa teña un impulso rexional e internacional adaptado ao seu potencial.

Desta forma, as actividades presentadas atopábanse divididas nos seguintes bloques de accións:

- Unidade de deseño de proxectos estratéxicos colaborativos para concorrer a convocatorias competitivas
- Programa de impulso da biomasa en sectores industriais
- Programa de divulgación e valorización do potencial da biomasa: foro e eventos
- Programa de fomento de alianzas e joint ventures entre socios
- Programa de impulso da bioeconomía baseado na biomasa en colaboración con centros de investigación e universidades galega, con especial atención nas comunidades enerxéticas

O proxecto está cofinanciado ao 80% polo IGAPE e o seu horizonte temporal para a execución das actividades abarca os anos 2023 e 2024.

O presente prego constitúe un conxunto de instrucións, normas e especificacións que rexerán a contratación por parte do Clúster da Biomasa das actividades que se relacionan a continuación e que se consideran as mínimas que teñen que reunir as ofertas a presentar para ser consideradas como válidas.

## 2. NECESIDADE DE EXTERNALIZACIÓN E TAREFAS ESPECÍFICAS

### a. CONDICIÓN TÉCNICAS MÍNIMAS INEXCUSABLES

As especificacións técnicas que se detallan neste prego entenderanse aceptadas expresamente polos ofertantes polo mero feito de concorrer ao presente procedemento.

### b. ESPECIFICACIÓNS DE OBRIGADO CUMPRIMENTO.-

#### **ANTECEDENTES:**

**Código identificativo do proxecto:** IG193.2022.2.1\_ASOCIACIÓN CLÚSTER DA BIOMASA DE GALICIA

**Programa:** AXUDAS ÁS AGRUPACIÓNS EMPRESARIAIS INNOVADORAS EMERXENTES (CLÚSTERS EMERXENTES) NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

**Data de finalización prevista:** 15/06/2024

O Clúster da Biomasa de Galicia, tal e como está disposto na memoria de solicitude descritiva do proxecto proposto para a mencionada axuda, considera necesario contratar os servizos externos de apoio con experiencia nas actividades e tarefas a executar, dados os recursos dos que dispón o Clúster e a falta de experiencia na execución das tarefas contempladas no proxecto, e co fin de cumprir co calendario establecido para a correcta execución do proxecto.

#### **TAREFAS A DESENVOLVER:**

A continuación, desglósanse as principais actividades e tarefas obxecto de contratación ao abeiro deste prego e a desenvolver polos concursantes:

- **ACTIVIDADE 1. UNIDADE DE DESEÑO DE PROXECTOS ESTRATÉXICOS PARA CONCURRIR A CONVOCATORIAS COMPETITIVAS**

- **Acción 1.1:** Apoio na preparación e redacción dunha candidatura para o programa de "Emplea Verde" da Fundación Biodiversidade:

[https://fundacion-biodiversidad.es/programa\\_empleaverde/programa-empleaverde/](https://fundacion-biodiversidad.es/programa_empleaverde/programa-empleaverde/)

- Deseño da idea de proxecto
- Deseño da candidatura e Plan de acción
- Definición do orzamento estimado por partida ou concepto de gasto
- Procura de colaboradores
- Resolución de posibles requirimentos

**Entregable:** Candidatura do proxecto do Clúster ao programa de "Emplea Verde" da Fundación Biodiversidade

- **Acción 1.2:** Apoio na execución de proxectos de impulso das comunidades enerxéticas e outras iniciativas de interese promovidas por organismos públicos de Galicia (Xunta de Galicia, Deputacións, concellos, etc.)
  - o Labores de apoio á promoción de comunidades enerxéticas
  - o Labores de apoio á resolución de cuestións técnicas e organizativas das entidades socias do proxecto

**Entregable:** Informe de asesoramento

- **ACTIVIDADE 2. PROGRAMA DE DIVULGACIÓN E VALORIZACIÓN DO POTENCIAL DA BIOMASA**

- **Acción 2.1:** Organización dun ciclo de seminarios temáticos
  - o Diagnose das temáticas de interese para o sector segundo os retos e necesidades identificadas
  - o Apoio na organización dun mínimo de 2 seminarios, cunha duración mínima de 1 hora cada un deles: procura de poñentes e de instalacións, coordinación co equipo de traballo implicado, deseño do programa, etc.
  - o Apoio na difusión dos seminarios organizados

**Entregable:** Informe final do ciclo de seminarios; Documento de Diagnose dos retos e necesidades identificadas; Materiais divulgativos deseñados

- **Acción 2.2:** Realización de charlas ou seminarios en centros de Formación Profesional (FP) sobre solucións de biomasa e saídas laborais do sector
  - o Identificación de 3-4 centros en Galicia
  - o Apoio na organización das xornadas: procura de poñentes e de instalacións, coordinación co equipo de traballo implicado, deseño do programa, etc.
  - o Deseño e elaboración de materiais divulgativos e de difusión
  - o Apoio na difusión dos seminarios organizados

**Entregable:** Informe final das charlas realizadas; Materiais divulgativos e formativos deseñados

- **Acción 2.3:** Apoio na organización do "Foro da Biomasa: Valorización da Industria Forestal e da Biomasa"
  - o Apoio na organización das xornadas: procura de poñentes e de instalacións, coordinación co equipo de traballo implicado, deseño do programa, etc.

- Deseño e elaboración de materiais divulgativos e de difusión
- Apoio na difusión
- Posible data: abril de 2024
- Posible localización: Feira Enerxética 2024

**Entregable:** Informe final do Foro; Materiais divulgativos e formativos deseñados

- **Acción 2.4:** Elaboración dun Plan de comunicación do Clúster para a valorización da biomasa entre axentes de interese e público obxectivo
  - Definición do Claim de marca
  - Definición dos Territorios e esferas de comunicación
  - Elaboración do documento final do Plan e materiais de difusión e divulgación de apoio

**Entregable:** Plan de Comunicación; Materiais divulgativos de apoio deseñados; Resumo do Plan de acción (díptico/infografía)

- **Acción 2.5:** Apoio na organización de xornadas ou premios para a celebración de días de importancia para o sector: día Internacional de Acción sobre a Biomasa, día da acción contra o clima, etc.
  - Identificación de 2-3 días destacados de interese
  - Apoio na organización das xornadas: procura de poñentes e de instalacións, coordinación co equipo de traballo implicado, deseño do programa, etc.
  - Deseño e elaboración de materiais divulgativos e de difusión
  - Apoio na difusión dos premios ou actos organizados

**Entregable:** Informe final das xornadas organizadas; Materiais divulgativos e de apoio elaborados

- **ACTIVIDADE 3. PROGRAMA DE IMPULSO DA BIOECONOMÍA BASEADO NA BIOMASA EN COLABORACIÓN CON CENTROS DE INVESTIGACIÓN E UNIVERSIDADES**

- **Acción 3.1:** Organización de visitas de estudantes de grado e mestrado a instalacións singulares de socios
  - Identificación dun mínimo de 2 instalacións singulares ou de interese para a realización das visitas
  - Organización das visitas: contacto cos responsables ou socios, coordinación co equipo de traballo implicado, deseño do programa, etc.
  - Apoio na coordinación de asistentes

- Deseño e elaboración de materiais divulgativos e de difusión
- Apoio na difusión

**Entregable:** Informe final das visitas realizadas; Materiais divulgativos e de apoio elaborados

- **Acción 3.2:** Deseño e elaboración dunha guía técnica práctica de creación de comunidades enerxéticas baseadas en biomasa
  - Análise ou estudo de mercado para a definición dos aspectos clave en relación á constitución de redes de calor ou comunidades enerxéticas baseadas en biomasa en Galicia
  - Elaboración dunha guía técnica que defina os pasos a seguir para a correcta creación e implantación de comunidades enerxéticas baseadas en biomasa en Galicia
  - Apoio na difusión da guía

**Entregable:** Guía técnica práctica de creación e/ou xestión de comunidades enerxéticas baseadas en biomasa; Materiais de difusión e de apoio elaborados

### 3. EQUIPO REQUIRIDO

O adxudicatario contará co persoal necesario para a execución do contrato, designando, polo menos:

- Un director/a ou responsable do proxecto, cun mínimo de 5 anos de experiencia, encargado/a de realizar as tarefas comprendidas de contratación e actuará como interlocutor en relación a todas as cuestións pertinentes.
- Un técnico/a responsable das tarefas de apoio e coordinación para a correcta execución das actividades descritas, con polo menos 3 anos de experiencia acreditada neste tipo de tarefas.
- Un técnico/a responsable das tarefas de comunicación e divulgación, cun mínimo de 3 anos de experiencia, desenvolvendo este tipo de tarefas.

O adxudicatario queda obrigado a presentar para a realización do servizo os medios persoais, materiais e técnicos precisos para garantir a boa execución do contrato e a adecuada realización das tarefas descritas.

### 4. DURACIÓN DO CONTRATO

A duración do contrato será desde a data de comunicación e aceptación por parte da empresa ata o 15 de xuño de 2024.

## 5. ORZAMENTO DA LICITACIÓN

O prezo máximo dispoñible para a realización das actividades descritas ascende a **61.367,90 € IVE incluído** (total prego).

O pago do servizo efectuarase tras a súa realización, previa presentación factura correspondente.

## 6. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

A oferta presentarase nun único arquivo electrónico onde se especifique: "Proposta para a contratación para a execución das tarefas do proxecto do Clúster da Biomasa ao abeiro das Axudas Clústeres emerxentes do IGAPE".

En canto á documentación que debe conter a proposta, será a que se detalla a continuación:

### a. Documentación Administrativa

Presentación breve do licitador e da súa experiencia no ámbito da prestación dos servizos de apoio ás actividades de valorización e divulgación propostas, especialmente no ámbito de proxectos executados ao abeiro de axudas públicas de organismos públicos rexionais.

### b. Documentación Técnica

Proposta técnica na que se deberá incluír unha memoria onde se especifique o contido e características do servizo obxecto de contratación, a metodoloxía a seguir en cada unha das actividades descritas e o plan de realización dos traballos a desenvolver.

Adicionalmente, indicaranse Melloras de alcance do proxecto ou Obxectivos, así como todos os aspectos técnicos previstos para a correcta realización das actividades propostas e os recursos humanos previstos e os medios e materiais dispoñibles por entidades para o desenvolvemento das actividades.

### c. Documentación Económica

Cada licitador deberá presentar unha oferta económica que se deberá formular como se indica no anexo 1. Igualmente, cada licitador deberá acreditar a súa solvencia económica e técnica.

A oferta coa documentación correspondente deberá ser presentada a través do correo electrónico [info@clusterbiomasa.gal](mailto:info@clusterbiomasa.gal).

**PRAZO:** 15 días naturais desde a publicación do prego na web corporativa do Clúster da Biomasa <https://clusterbiomasa.gal/contratacion/> e na prensa autonómica.

## 7. PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN

### a. Capacidade para contratar

Poderán presentar ofertas para a adxudicación do Contrato as persoas físicas ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, a título individual ou en unións temporais de empresas, con plena capacidade de obrar que non se atopen incursas nalguna das prohibicións de contratar establecidas no artigo 71.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público -LCSP 2017 e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou nos termos previstos na LCSP 2017.

### b. Solvencia Económica e técnica

Para acreditar a solvencia económica, esixírase que aquelas entidades, ou conxunto de entidades cuxa facturación propia (ou agregada no caso de UTEs) sexa polo menos o triplo da cantidade licitada para o servizo demandado en cada un dos tres últimos exercicios pechados. Para isto, xunto coa proposta, será necesario aportar unha certificación ou declaración que así o afirme.

Previo á firma do contrato coa entidade adxudicataria, solicitarase aquela documentación necesaria para efectuar a comprobación da solvencia requirida.

A solvencia técnica acreditarase a través dunha declaración responsable de ter participado en outros proxectos similares, financiados con axudas públicas de organismos públicos de Galicia.

### c. Mesa de Contratación

A Mesa de Contratación será quen decida sobre a contratación e estará constituída por un presidente, un secretario e un técnico.

### d. Criterios de valoración

Tendo en conta a natureza da prestación de servizos a contratar, proponse como criterios de adxudicación os seguintes, seguindo a seguinte distribución da puntuación:



Criterios de valoración	Puntos
<p><b>Prezo ou proposta económica</b></p> <p>Concederáse o máximo de puntuación asignado a este criterio, 30 puntos, á oferta económica máis vantaxosa. Determinarase proporcionalmente a puntuación das restantes ofertas de acordo coa seguinte fórmula:</p> <p>Puntuación asignada = 30 x (oferta máis económica sen IVE/Oferta a valorar sen IVE)</p>	<p><b>30 puntos</b></p>
<p><b>Proposta técnica (valoración subxectiva)</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Experiencia na execución de actividades similares</li> <li>- Metodoloxía</li> <li>- Equipo de traballo</li> </ul>	<p><b>50 puntos</b></p>
<p><b>Melloras ao alcance descrito</b></p> <p>5 puntos por cada mellora considerada como relevante ata un máximo de 20 puntos</p>	<p><b>20 puntos</b></p>

**e. Documentación Xustificativa**

Unha vez realizada a adxudicación, concederáse un prazo máximo de 5 días naturais ao adxudicatario para presentar a documentación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e cales queira outros documentos acreditativos de aptitude que se especifiquen nos Pregos.

**f. Publicidade**

A empresa adxudicataria das actividades farase cargo do custe do anuncio en prensa do presente concurso en un dos diarios de maior tirada onde ten a súa sede, de acordo coas tarifas que resulten vixentes á data de publicación (máis o IVE correspondente), abonándose o seu importe ao Clúster da Biomasa de Galicia a través da nota de cargo que esta emitirá no momento da firma do contrato e que deberá se aboada no prazo de 5 días naturais e entregado o comprobante bancario de transferencia neste mesmo prazo.

## 8. ANEXO 1. MODELO DE OFERTA ECONÓMICA

Dº/Dª \_\_\_\_\_, DNI nº \_\_\_\_\_, actuando en nome de \_\_\_\_\_ con CIF nº \_\_\_\_\_ con domicilio fiscal en \_\_\_\_\_ con correo electrónico \_\_\_\_\_ e telefono \_\_\_\_\_ enterado das condicións e requisitos que se esixen para a adxudicación do contrato de \_\_\_\_\_:

Manifesta:

Que coñecido o prego de cláusulas administrativas particulares e de descrições técnicas que deben rexer a contratación referida, e aceptando íntegra e incondicionalmente o seu contido, comprométese a executar o contrato de referencia, con estrita suxeición aos requisitos e condicións sinalados nos pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, nas seguintes condicións:

Prezo (en número e letra):

- Prezo (sen IVE):
- IVE:
- Prezo total

Para todos os efectos, a presente oferta comprende non só o prezo do contrato como tal, senón tamén o importe do Imposto sobre o Valor Engadido a tenor do disposto no artigo 25 do Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro.

Fai constar que na presente licitación (indíquese o que proceda):

\_\_\_ Non concorre con empresas vinculadas.

\_\_\_ Concorre coa/s seguinte/s empresa/s:

Denominación:

CIF:

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2024.

Fdo: